

MINISTERIO DE ECONOMÍA COMERCIO E EMPRESA E INE Grupo de Traballo do INE e Subcomisión e Mesa Delegada do Ministerio

A semana pasada mantivemos as reunións do Grupo de Traballo do INE, Subcomisión e Mesa Delegada do noso Ministerio, este é o resumo do tratado.

Camiño á extinción

Cada vez son máis frecuentes os correos de despedida das compañeiras e compañeiros que se xubilan. Alegrámonos moito por elas e eles, pero empeza a ser insostible ver tantas mesas valeiras. O ritmo de baixas é directamente proporcional ó incremento de traballos privatizados, máis de 7 millóns de Euros neste trimestre. As tímidas incorporacións non fan máis que prolongar a agonía. O modelo está deseñado, e a execución é imparable, a maioría destas incorporacións son A1 e A2, o resto para o negocio das empresas privadas que aínda por riba manexan todos os nosos datos, incluíndo aqueles máis sensibles (económicos, de saúde...). Nos seguimos insistindo na necesidade de analizar os custos e a calidade das enquisas realizadas por empresas externas en comparación coas realizadas con persoal propio do INE, pero parece que este é o único estudo que non interesa facer nunca. ¿Será por que non interesa o previsible resultado?.

Unidades con poucos efectivos

Xa levamos anos preguntando pola planificación do INE para aquelas unidades que teñen dotacións insostibles de persoal (Por exemplo CATI Tarde) e que decisións se van a tomar con elas. Xa fai máis dun ano que desde o Consello de Dirección do organismo están tratando o tema e seguimos sen proposta algunha. Deben estar esperando a que nos xubilemos todos/as e así se resolve o asunto só. Por esta dilixencia e pola que cobran cantidades indecentes en produtividade.

Produtividade

Mais do mesmo, cada vez son máis os ministerios e organismos con un sistema de produtividade por obxectivos, non é perfecto pero supón unha mellor distribución entre todo o persoal, o que necesariamente implica que algunhas persoas vexan reducidas as indecentes cantidades que perciben, en ocasións superan anualmente o custo que supón contratar todo o ano a dúas persoas. Outra vez están elaborando unha proposta, sen presa, sen data.....

Retribucións complementarias do persoal laboral

Despois da desfeita que supuxo a aplicación do acordo (persoal sen complementos, complementos sen actualizar, postos en concurso con complementos do convenio anterior...) e coa inestimable colaboración do resto de organizacións sindicais, a CIG non asinou o acordo, agora empezou a FEIRA DOS COMPLEMENTOS. A Administración e eses mesmos sindicatos presentan todo tipo de asignación de complementos, aínda que nada teñan que ver co contido funcional dos postos de xeito que nalgúns organismos todo o persoal dunha unidade ten complemento de mando, sen ninguén a quen mandar- Pero o máis grave disto é que para financiar esas asignacións están amortizando postos vacantes que endexamais se volveran a recuperar, pan para hoxe e fame para mañá.

Mentres a proposta presentada pola CIG de asignación dun complemento E1.c para todo o persoal de campo segue nun caixón, cando esta si tería encaixe no novo sistema.

Ó mellor habería que reclamar unha mellora dos nosos salarios e non hipotecar o noso futuro.

acoruna.estado@cigadmon.gal

<https://www.cigadmon.gal/estatal>

Telf. 881 909 821

Troco de Réxime Xurídico

Pensaron en Función Pública que a nosa maior aspiración era converternos en funcionarios, ademais como un acto de fe, sen saber en que condicións económicas e sen coñecer os posibles cambios de funcións que podería levar aparelado.

O prazo de presentación de solicitudes rematou e de 1543 laborais do INE, apuntáronse 400 persoas, e segundo parece, moitas non compren todos os requisitos.

Como vos contamos na nota específica sobre este tema, quedou aclarado que se vai ingresar nun nivel 16 e co específico máis baixo do grupo C. A garantía retributiva, para quen lle corresponda, aplicarase no complemento específico. Isto vai xerar unha situación na que vai a coexistir persoal funcionario da mesma categoría e especialidade con diferentes retribucións, Agora a pregunta do millón **¿Terán tamén funcións diferentes?**. Parecería lóxico que si en función dos complementos asignados como laboral. A CIG, en solitario, trasladou esta inquedaanza tanto a Función Pública como ó INE, este último trasladará esta cuestión ó Consello de Dirección. Xa veremos cando resolven.

Mobilidade

Están convocados os concursos de persoal laboral dos Anexos I e II, o INE ten previsto convocar un xeral e outro específico para persoal funcionario este ano.

Con carácter previo á incorporación do persoal de novo ingreso do C1 Estatística fixeron un concurso interno para o persoal desta especialidade existente que quixera cambiar de localidade. Todo o persoal afectado puido cambiar de destino, pero os criterios aplicados non están moi claros. De seguir así reclamaremos que esta mobilidade se faga en concurso aberto.

Xubilación parcial

O avance é demasiado lento, é certo que xa temos persoal en xubilación parcial, pero con moito retraso, máis dun ano desde a solicitude. Isto non é tolerable, animámosvos a acudir ó xulgado, xa existen sentenzas gañadas con indemnizacións económicas que é o único que lles doe. Propuxemos outra vea a creación de bolsas de emprego provinciais que servirían para axilizar os procesos, pero a resposta segue sendo un no.

Gas Radon

O traballo emprendido en solitario polo noso sindicato nesta materia empeza a dar froitos, continúan realizando medicións na nosa Comunidade Autónoma. Nalgunhas Delegacións xa se están acometendo obras e noutras se están estudando todo tipo de actuacións incluíndo a posibilidade de traslado dentro da mesma localidade.

Outros Asuntos

Demos traslado das incidencias cos teléfonos da CATI que aparecen como SPAM e comprometéronse a dar solución inmediata a este asunto.

Despois de revisar as derradeiras Ofertas de Promoción Interna, decatámonos de que na promoción do C1 estatística ó A2 de Diplomados e na promoción do A2 ó A1 de estatística está excluída expresamente a posibilidade de reconverter o posto e permanecer na mesma localidade (Expectativa de destino). Isto supón unha clara desvantaxe con respecto ó resto de promoción interna na AXE. Solicitamos a supresión desta cláusula e a resposta é que é unha decisión do Consello de Dirección, ó parecer as/os Delgadas/os Provinciais non queren outros A1 nas delegacións e entón non dubidan en prexudicar as persoas que queren promocionar na súa profesión.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.

acoruna.estado@cigadmon.gal

<https://www.cigadmon.gal/estatal>

Telf. 881 909 821